



*“Podemos entender a familia como un don e unha tarefa. É fundamental fomentar a corresponsabilidade e o protagonismo das familias na vida social, política e cultural, promovendo a súa valiosa contribución na comunidade.”*

Papa León XIV)



*“Cada fogar cristián está chamado a ser unha pequena Igrexa onde Deus habita no cotián, e a Igrexa medra cando medran as familias na fe, na esperanza e na caridade”.*

Mons. Francisco José Prieto Fernández,  
Arcebispo de Santiago de Compostela

## Oración á Sagrada Familia

Xesús, María e Xosé, en vós contemplamos o esplendor do verdadeiro amor; a vós, confiados, dirixímonos. Santa Familia de Nazaret, fai tamén das nosas familias lugar de comunión e cenáculo de oración, auténticas escolas do Evanxeo e pequenas igrexas domésticas.

Santa Familia de Nazaret, que non haxa nunca máis nas familias episodios de violencia, de peche e división; que quen foi ferido ou escandalizado sexa axiña consolado e curado.

Santa Familia de Nazaret, fai que todos tomemos conciencia do carácter sagrado e inviolable da familia, da súa beleza no proxecto de Deus. Xesús, María e Xosé, escoitade e acollede a nosa súplica.

Amén.



Organiza | Asociación Parroquial de Pais Católicos  
San Xoán Bautista

Entidade colaboradora



# A XANELA SEMANAL

## XXXIX Semana da familia

### Parroquia de Carballo



Do 24 de abril ao 3 de maio de 2026

# 39ª SEMANA DA FAMILIA

PARROQUIA DE CARBALLO E ASOCIACIÓN DE PAIS CATÓLICOS

## “RECONSTRUÍR A FAMILIA PARA CONSTRUÍR A PAZ”

Venres 24 de Abril ao Domingo 3 de Maio

### BENVIDA E INVITACIÓN

Desde hai 39 anos, a Parroquia de Carballo e a Asociación de Pais Católicos veñen organizando durante a Pascua e nas vésperas do Día da Nai a Semana da Familia...

Nesta 39ª Semana facemos unha invitación especial ás familias de Carballo a renovar a nosa fe, recibir os Sacramentos e consagrarnos a María ante a imaxe da Milagrosa.

Achegádevos unidos para dar grazas e presentar a vosa familia a María Nai.



### ORACIÓN

Que a Sagrada Familia bendiga a todas as familias.

### PROGRAMA DIARIO

#### VENRES 24 E DOMINGO 26

Catequese especial  
“Xesús, ensínanos a  
vivir en familia”.



#### LUNS 27

20:30hs    
Conferencia-coloquio  
“Familias que dan  
testimonio: historias  
reais de cristiáns perse...”  
A cargo de D. Santiago  
Díaz, director de ACN en  
Galicia (Axuda á Igrexa  
Necesitada).



#### MARTES 28

20:30hs   
Conferencia-presentación  
“Os maiores sós tamén  
son familia”.  
Presentación do programa  
Acompañote, por Doiores  
Rivas Lombardero,  
directora de  
Cáritas Coruña.



#### MÉRCORES 29

20:30hs    
Taller pais/fillos para  
reflexionar xuntos sobre o  
uso responsable das  
novas tecnoloxías e da  
intelixencia artificial, a cargo  
de Manuel Ángel García,  
xerente da Axencia para a  
Modernización Tecnolóxica  
de Galicia (AMTEGA).

#### XOVES 30



20:30hs  
Vixilia de adoración  
ao Santísimo e Rosario  
polas familias na  
capela da Milagrosa.  
Consagración das  
familias á Virxe.

#### VENRES 1

12:00hs   
Celebración das  
Primeiras Comunións.

20:30hs  
Celebración do  
Sacramento da  
Penitencia para  
pais, padrinos e  
confirmandos. 

#### SÁBADO 2

17:00hs    
Misa e bendición dos  
enfermos: celebración  
comunitaria da Santa  
Unción.  
20:00hs Celebración do  
Sacramento da  
Confirmación e Bautismo  
de dous adultos, presidida  
por D. Julián Barrio, arcebispo  
emérito de Santiago.

#### DOMINGO 3

12:30hs   
Día da Nai: Misa  
homenaxe ás nais.  
Mamás, traede os  
vosos fillos e netos.  
Fillos, invítade ás vosas  
mamás para que María  
Nai vos bendiga a todos.  
Poñamos as familias  
baixo a protección  
maternal de María. 

### DURANTE TODA A SEMANA

#### NA CAPELA DA MILAGROSA

18:30hs Rezo do Rosario  
pedindo polas familias  
19:00hs Misa da familia

#### NA CAPELA DAS MONXAS

18:00hs Rezo do Rosario  
pedindo polas familias  
18:30hs Misa da familia

#### NA IGREXA PARROQUIAL

18:30hs Rezo do Rosario  
pedindo polas familias  
20:00hs Misa da familia